



XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2024

Acta da sesión que tivo lugar o día vinte de marzo de dous mil vinte e catro.

No salón de actos do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, ás 19.30 h, reúñese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco José Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros Dª María del Carmen González Ferro, D. Manuel Francisco Martín García, D. Javier Constenla Vega, D. Ramón Quintela Miramontes, Dª Patricia Arnoso López, Margarita Ruiz Núñez, Dª María Jesús Vieito Mayo e D. Jorge Eladio Romero Rivera, así como o secretario técnico e colexiado, D. Manuel Arza Galán, e 106 colexiados/as exercentes e 5 colexiados/as non exercentes.

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.**
- 2. Recensión do decano sobre os acontecementos más significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.**
- 3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.**
- 4. Proposicións.**
- 5. Peticións e preguntas.**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROcede, DA ACTA ANTERIOR

O secretario, Sr. Martín García, procede á lectura da acta da última sesión da Xunta Xeral.

A seguir, sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECIMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O ANO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións e acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación coa **xestión colexial**:

- Durante o ano 2023 tramitáronse un total de 4.133 expedientes de xustiza gratuita. (Case 700 expedientes máis que no ano anterior).
- As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de 1.018.630,12 euros, repartido entre todos os colexiados/as que forman parte da quenda. (Supón un incremento dun 20 % en relación co ano anterior)
- Tamén se xustificou un gasto aproximado de 18.000 euros para outros convenios (vía previa concello, delitos sexuais, compensación avogados designación por requerimento xudicial, violencia de xénero, IGVS), repartido entre os letrados/as que prestan esos servizos.
- Tramitáronse 21 altas de novos colexiados/as (16 como exercentes e 5 como non exercentes).
- Rematou o ano cun total de 828 colexiados exercentes e de 515 non exercentes.
- Expedironse 371 carnés colexiais con sinatura dixital.
- Emitíronse 143 informes de honorarios para taxacións de custas. (No que levamos de ano xa se tramitaron 60.)
- Tramitáronse 27 expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais.
- Tramitáronse 4 expedientes disciplinarios.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2023:

- Fixación do IPC nun 25,2 % para o cálculo das custas no 2023 (01.02.223)
- Incremento salarial os traballadores/as do colexio (Por acordo da Xunta de Goberno do 01.02.2023, segundo convenio de oficinas e despachos + 2 puntos por incremento do IPC)
- Depósito de 100.000 euros no seguro Vida Ahorro para Instituciones de Mutualidad de la Abogacía ($300.000 + 100.000 = 400.000 \text{ €}$ (23.02.2023))



- Contratación de auditoría de contas do exercicio 2022 (09.03.2023), con resultado favorable
- Acordo sobre orde de chamamento para as gardas do servizo de asistencia a vítimas de violencia de xénero (09.03.2023)
- Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil con Allianz, do 01.07.2023 ao 30.06.2024, cunha subvención do Colexio de 100.000 euros (29.05.2023)
- Convocatoria de xunta xeral extraordinaria (19.06.2023)
- Implantación da Canle de denuncias anónimas do ICA Santiago (18.09.2023) (en cumprimento da Lei 2/2023, do 20 de febreiro)
- Creación da lista especial voluntaria para asistencias en xuízos rápidos dos martes (instrucción 1 e 2) (15.11.2023)
- Creación da Comisión Colexial sobre a Previsión Social dos Colexiados/as (Mutualidad/RETA) (29.11.2023)
- Contratación de novos programas de xestión colexial Colaboweb e baixa dos programas SIGA e Regtel (18.12.2023)
- Acordos de amparo a colexiados/as (de data 13.04.2023)

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2023:

- Anticipo dos pagamentos trimestrais da quenda de oficio, con cargo aos fondos propios
- Solicitud ao Ministerio de Xustiza da concesión da Cruz da Orde de San Raimundo de Peñafort a favor de D. José Vicente Alvariño Alejandro (28.03.2023)
- Concesión de 10 bolsas para asistir ao XIII Congreso da Avogacía Española (3-5 de maio)
- Concesión de 10 bolsas para asistir ao XVIII Congreso Xurídico da Avogacía de Málaga (2 e 3 de novembro)
- Concesión de 5 bolsas para asistir ao Congreso da Asociación Nacional de Laboralistas (26-28 de outubro)
- Concesión de 5 bolsas para asistir ao Congreso Nacional da Asociación Española de Abogados Especializados en Responsabilidad Civil y Seguro (9-11 de novembro)
- Participación na concentración convocada polo CGAE o día 28 de xuño para esixir unha solución á parálise e o colapso do servizo público da xustiza
- Actuacións no Día Internacional da Muller: repartición de máscaras de cor morada (8 de marzo)
- Celebración da festividade de San Raimundo de Peñafort (26 de maio)

- Publicación de reportaxe na prensa local con motivo da conmemoración do Día da Xustiza Gratuita (12 de xullo)
- Publicación da *Memoria anual 2022*
- Publicación da *Guía colexial 2023*
- Publicación do número 23/2023 da revista *Avogacía Compostelá*
- Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica
- Renovación de caldeira e de radiadores de calefacción na zona de atención ao público da sede principal (12.01.2023)
- Contratación de formación sobre prevención do acoso sexual dirixida ao persoal do colexio (15.11.2023)
- Adquisición de dous monitores para os equipos informáticos da sede colexial das Fontiñas (18.12.2023)

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2023:

- Xornada “Novidades na xurisprudencia do Tribunal Supremo” (3 de febreiro)
- Xornada “A epidemia das derivacións de responsabilidade. Claves para a súa impugnación” (21 de abril)
- Charlas informativas sobre Mutualidad de la Abogacia e RETA (12 e 13 de xullo)
- Curso en liña: “Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega” (15 de outubro a 8 de novembro)
- Xornadas sobre violencia de xénero e vítimas de violencia sexual (7, 9 e 16 de novembro)
- Xornada sobre dereito bancario: “Falemos de dereito bancario” (18.01.2024)
- Curso de linguaxe xurídica galega (maio a xullo, teleformación)
- XVI Xornada Xustiza e Lingua (13 de novembro)
- Congreso Internacional Xustiza e Intelixencias Artificial (13 e 14 de novembro)
- Xornada “Os/as menores vítimas de situacións de violencia” (30 de novembro)

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

- Coedición coa editorial La Ley das publicacións “Formularios y esquemas. Procesal civil” e “Formulario y esquemas. Procesal penal” (novembro)
- Acordo coa editorial Lefebvre para a adquisición en oferta especial a obra “Memento procesal penal 2024” (decembro)



- Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: Global Economist & Jurist, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepín, vLex Premium e o programa de xestión Quolaw de vLex. (Programas gratuitos para todos os colexiados/as)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

- Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para a xestión tributaria en nome de terceiros
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafiuazamentos
- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Convenio para a atención profesional a vítimas de violencia sexual
- Convenio para accións de formación especializada a profesionais da avogacía sobre atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero
- Convenio para compensar economicamente os letrados/as da quenda penal no caso de denegación de AXG a persoas físicas e xurídicas por determinadas causas
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novedades lexislativas a prezos reducidos
- Convenio con Atriga para a realización declaraciós e liquidaciós de impostos en nome de terceiros
- Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaraciós e liquidaciós de impostos en nome de terceiros
- Convenio con UTD Concursal, SLP, para a emisión de informes periciais en relación co cártesl de vehículos
- Convenio de colaboración con Abanca
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenio con Iberdrola
- Convenios con Asisa e Adeslas
- Convenio con Caser Seguros para a contratación de póliza colectiva de saúde
- Convenio con Nueva Mutua Sanitaria del Servicio Médico
- Convenio con Unión de Artesanos para contratar unha póliza de saúde

- Convenio con Clínica Dental Dublín
- Convenio con Pías Clinica Dental
- Convenio con Opticalia Casa de los Lentes
- Convenio con Los Ángeles Gas para descontos en carburantes
- Convenio co aparcadoiro de Área Central
- Convenio con Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU
- Convenio con Trasteros Tambre, SL, para alugueiro de espazos e arquivo
- Convenio con ACUNSA para contratación de póliza de saúde
- Convenio coa editorial xurídica Iurisutilitas

O colexiado D. Miguel Sánchez Campos pide a palabra para manifestar que bota de menos nesa relación as mobilizacións dos colexiados en relación coa Mutualidad e a quenda de oficio.

O decano fai uso da palabra para contestar que esa relación de actividades fai referencia únicamente ás actuacións organizadas polo Colexio.

3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR

O decano, o tesoureiro e o secretario técnico do Colexio expoñen as contas do exercicio 2023, que presenta o seguinte balance de gastos e ingresos:

| GASTOS | 849.081,88 |
|---|-------------------|
| 2. Aprovisionamentos | 49.199,28 |
| 601. Compras de materias primas | 23.286,38 |
| 602. Compras doutros aprovisionamentos | 25.912,90 |
| 3. Gastos de persoal | 304.182,89 |
| 640. Soldos e salarios | 243.633,21 |
| 642. Seguridade social a cargo da empresa | 60.549,68 |
| 4. Outros gastos de explotación | 485.461,66 |
| 620. Gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio | 75.114,00 |
| 621. Arrendamentos e canons | 5.220,49 |
| 622. Reparacións e conservación | 15.875,21 |
| 623. Servizos de profesionais independentes | 15.875,21 |
| 625. Primas de seguros | 242.994,84 |
| 626. Servizos bancarios e similares | 777,28 |
| 628. Subministracións | 13.321,56 |



| | |
|---|-----------|
| 629. Outros servizos | 85.050,42 |
| 631. Outros tributos | 1.791,01 |
| 6341. Axustes negativos en IVE de activo corrente | 3.078,02 |
| 650. Perdas de créditos comerciais incobrables | 7.075,17 |
| 651. Resultados de operacións en común | 3.152,89 |
| 654. Gastos reembolso goberno | 8.247,48 |
| 655. Perdas de créditos incobrables | 10.220,88 |
| 678. Gastos excepcionais | 399,05 |
| 694. Perdas por deterioración de créditos por operacións comerciais | 736,83 |
| 5. Amortización do inmobilizado | 8.683,20 |
| 680. Amortización do inmobilizado intanxible | 272,59 |
| 681. Amortización do inmobilizado material | 8.410,61 |
| C) Resultado antes de impuestos (beneficios) | 0,00 |
| 11. Imposto sobre beneficios | 1.554,85 |
| 6300. Imposto corrente | 1.554,85 |

INGRESOS**805.629,82**

| | |
|---|---------------|
| 1. Importe neto da cifra de negocios | 10.680,66 |
| 705. Prestacións de servizos | 10.680,66 |
| 3. Traballo realizados pola empresa para o seu activo | 667.982,43 |
| 721. Cotas colexiais | 660.115,93 |
| 723. Cotas profesionais | 7.866,50 |
| 5. Outros ingresos de explotación | 116.619,07 |
| 740. Subvencións, doazóns e legados á explotación | 100.339,03 |
| 741000. Outras subvencións á explotación | 5.466,66 |
| 754. Ingresos por comisións | 4.936,16 |
| 755. Ingresos por servizos ao persoal | 5.810,00 |
| 778. Ingresos excepcionais | 67,22 |
| 6. Outros gastos de explotación | 10.220,88 |
| 794. Reversión da deterioración de créditos por operacións comerciais | 10.220,88 |
| 10. Ingresos financeiros | 126,78 |
| 769. Outros ingresos financeiros | 126,78 |
| D) Resultado do exercicio (perdas) | 43.452,06 |

A continuación, o decano abre unha quenda de preguntas e aclaracións.

A colexiada dona Ana Cristina Camiño Villaverde quere manifestar a todos os compañeiros asistentes os problemas que tivo para examinar as contas con máis detalle e que votará en contra delas.

O decano fai uso da palabra para responderlle que se lle facilitou toda a documentación que marca a lexislación vixente.

A colexiada dona María Dolores Traba López adhírese ao manifestado pola súa compañoira dona Ana Cristina Camiño. Sinala que votará en contra das contas polo gasto desproporcionado da Xunta de Goberno, pola falta de disposición da documentación, o gasto desproporcionado do Congreso de Tarragona, da tarxeta Visa do Colexio e dos pagamentos realizados a dona María Jesús Vieito Mayo e dona Patricia López Arnoso pola coordinación de cursos.

O colexiado don Carlos Feijoo Nóvoa manifesta que está profundamente decepcionado co decano. Expón que tivo un conflito cun cliente da quenda de oficio e que o chamou en dúas ocasións por teléfono sen conseguir falar con el.

O Sr. Feijoo Nóvoa solicita así mesmo que previamente a estas xuntas se remita por correo electrónico toda a documentación que vai ser obxecto de exame e votación. Engade que se lle negou o acceso físico ás facturas. Parécelle desproporcionado o gasto de San Raimundo. Por todo o anterior manifesta que o seu voto será negativo.

O colexiado don Torcuato Pablo Labella Lozano manifesta que en relación coa auditoría do ano 2022, publicada na páxina web do colexio, existen dúas versións. Publicouse unha primeira na web e posteriormente modificouse e publicouse unha segunda versión. O Portal de transparencia da páxina web do colexio non permite saber cando se cambiou, pero estudiando os metadatos dos ditos documentos si que se sabe. Considera este cambio grave e cuestionable.

O decano e o secretario técnico interveñen para explicar que o cambio referido se debeu a un erro material do auditor e que, unha vez detectado, foi corrixido xunto cunha certificación do motivo do erro.

O colexiado don Miguel Sánchez Campos manifesta que non quere que lle custe diñeiro a ninguén ser decano. Pide máis transparencia nas contas que se colgan no Portal de transparencia da web. Mostra a súa conformidade en canto aos gastos que se imputan á tarxeta Visa ao considerar que están xustificados coas correspondentes facturas.

O Sr. Sánchez Campos manifesta que o seu voto será de abstención por non publicarse na web as contas antes de ser aprobadas.

A colexiada dona Iria Novillo Casal manifesta que lle parecen excesivos os gastos de persoal se os comparamos co ICA de Pontevedra e sinala que votará en contra da aprobación das contas.

A colexiada dona Beatriz Estévez Fontenla achega un escrito cos motivos polos que se opón á aprobación das contas. Fala dos salarios e dos soldos dos traballadores e parécelle desproporcionado o salario do xerente. Manifesta a súa



total desconfianza coa Xunta de Goberno e coa xestión colexial. Por último, sinala que o seu voto será negativo.

O decano intervén e contéstalle á Sra. Estévez Fontenla que o salario do xerente é acorde á contratación que se fixo no seu día, á súa antigüidade (máis de 25 anos), a titulación e as funcións e o seu horario.

A colexiada dona Ana Belén Sabel Iglesias sinala que se adhire ao manifestado polos seus compañeiros. Solicita a desvinculación total do colexio coa Mutualidad. Por último, sinala que o seu voto será negativo.

Tras as intervencións, sométense á votación as contas de gastos e ingresos do exercicio 2023, cos seguintes resultados:

- Votos en contra: 29 de colexiados/as exercentes e 1 de colexiados/as non exercentes.
- Votos a favor: 71 de colexiados/as exercentes e 4 de colexiados/as non exercentes.
- Abstencións: 7

Tras a votación e os resultados obtidos, as contas do exercicio 2023 son aprobadas por maioria.

4. PROPOSICIÓNNS

Non se formulan.

5. PETICIÓNNS E PREGUNTAS

O colexiado don Torcuato Pablo Labella Lozano solicita información sobre a asamblea da Mutualidad e tamén sobre a supresión da lista de reserva. Sobre isto último, entende que estaba a funcionar ben e solicita que se reconsidera. Propón facer unha lista de reserva voluntaria e ampliar a catro o número de letrados titulares.

O decano contesta ao Sr. Labella Lozano e indícale que as súas propostas se estudarán na próxima xunta de goberno e se trasladarán á comisión da quenda de oficio.

A colexiada dona María Moreno Fernández pon de manifesto o problema que hai cos funcionarios do xulgado cando o letrado de asistencia lle di que está de folga non lle entregan a copia dos autos nin lle queren selar o xustificante (anexo) das gardas. Tamén pregunta cal sería a postura do colexio se os xulgados chaman para substituír un letrado que está en folga.

O decano contéstalle á Sra. Moreno Fernández e explícalelle as xestións que se están levando a cabo dende o colexio con respecto ao problema descrito.

O colexiado don Javier Luis Álvarez Teijeiro pregunta se o colexio ampararía os letrados da quenda de oficio que están en folga.

O decano intervén para contestarlle que a Xunta de Goberno non pode “prevaricar”. Se os xulgados comunican incidencias, teríamos a obriga de iniciar dilixencias de información previa para analizar e estudar cada caso de forma particular.

A colexiada María Dolores Traba López pregunta sobre a situación laboral do traballador don David López López e se está xudicializada.

O decano contesta que ese traballador está en situación de baixa e que presentou unha demanda de recoñecemento de dereitos e categoría profesional.

O colexiado don Javier Luis Álvarez Teijeiro pregunta pola nova asemblea territorial da Mutualidad e a posterior asemblea xeral.

A vicedecana do colexio, dona M^a del Carmen González Ferro, fai uso da palabra para contestar que a convocatoria faina directamente a Mutualidad.

O colexiado don Torcuato Pablo Labella Lozano, en relación coa próxima asemblea da Mutualidad, pregúntalle ao decano se no momento de votar terá en conta a vontade dos colexiados.



O decano e a vicedecana informan o Sr. Labella Lozano de que o decano non asistirá a esa asemblea en calidade de decano e que nela votarán exclusivamente os mutualistas.

O colexiado don Miguel Sánchez Campos intervén para expoñer, en relación coa folga dos letrados da quenda de oficio, que se trata dun derecho que se está a exercer, que é legal e lexítimo. Así mesmo, pregunta cal é a postura do decano en relación coa Mutualidad e solicita a súa adhesión á plataforma dos mutualistas. E por último, presenta unha comunicación do pasado 19 de marzo de constitución da plataforma conxunta “Pasarela RETA”.

O decano intervén e contéstalle que ese é un tema que se está estudiando e tratando en todos os plenos do CGAE.

O Sr. Sánchez Campos volve intervir e formula a pregunta: “Está de acordo a Xunta de Goberno con que existan mutualistas que cobren pensións de 400 euros?”

O decano contesta que non.

A colexiada dona Ana Belén Sabel Iglesias manifesta que no ICA da Coruña mañá teñen unha asemblea informativa sobre a pasarela e que nela se debaterá sobre o custo de realizar un informe sobre a dita pasarela. Pregunta se o noso colexio estaría disposto a contribuír ao pagamento do dito informe.

O decano contesta que descoñece quen está facendo ese informe, quen o encargou e que o pagará.


Os colexiados don Torcuato Pablo Labella Lozano e dona Beatriz Estévez Fontenla entregan por escrito o manifestado oralmente nas súas intervencións.

O colexiado don Miguel Sánchez Campos achega unha copia da comunicación da constitución da plataforma conxunta “Pasarela ao RETA”.

O decano toma recibo da dita documentación para que sexa incorporada ao expediente da presente xunta xeral.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 20 de marzo de 2024, ás 22.15 h. Como secretario, dou fe.

O decano



O secretario

